

## ACTA

**Lugar:** Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

**Data:** 17 outubro de 2019

**Asistentes:** Manuel Joaquín Reigosa Roger, Ana Belén Fernández Souto, Xosé Baamonde, Xosé M. Buxán, Marcos Dopico, Eva M<sup>a</sup> Lantarón, Lucrecia M. López, Juan Picos, Vicente Romo, Jorge Soto e Sara M<sup>a</sup> Torres.

**Excusan asistencia:** Álvaro López Mira e Carlos Mollinedo

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase por unanimidade.

### 2.- Informe do reitor.

O reitor informa sobre o Grao en Deseño e Creación, que están sendo avaliada. Afirma que non se perderán as 45 prazas en Belas Artes pola implantación no novo grao e que será un número menor de prazas, pero que se recuperarán posteriormente se hai demanda.

Informa sobre os datos de matrícula das titulacións do campus, moi satisfactorios, especialmente o caso de Dirección e Xestión Pública, dados os datos de anteriores cursos. O Campus cubre o 102% de matrícula e hai máis alumnos de primeiro curso que prazas dispoñibles. Os datos de máster non son tan positivos, pero se está traballando para melloralos. Os referentes aos cursos de doutoramento son semellantes aos do ano anterior. O Reitor informa dos novos grados para o curso 2020-21: Grao en Tecnoloxías da automoción (Dual) e un Grao no ámbito das humanidades, que substitúe a Ciencias da Linguaxe.

Informa sobre a boa sintonía existente co Concello de Pontevedra, co que xa que traballa en acordos sobre os terreos de Tafisa para futuras necesidades da Universidade e para a peatonalización do Campus.

Sobre o servizo de reprografía, o Reitor informa de que se está a traballar para crear un prego de condicións para licitar un servizo completo de reprografía no campus. Sobre o problema do servizo actualmente, o Reitor comenta que na primeira semana de agosto, a empresa comunicou a decisión de deixar o servizo e a Universidade quedou sen marxe de manobra para dar comezo ao curso con esta oferta. Mentres tanto, se dispuxeron de máquinas de autoservizo no campus e accións de formación sobre o uso deste sistema.

O Reitor presenta o plan a implantar sobre as enerxías renovables, con financiamento autonómico: no 2019, fotovoltaico; no 2020, biomasa e led; no 2021, biomasa. Neste sentido, o profesor Juan Picos recorda que o edificio de Forestais non ten illamento e se está a traballar nunha proposta de eficiencia enerxética. O Reitor indica que coñece a situación e que se están a facer contactos con empresas que se dedican a eso. Juan Picos tamén comenta

que hai opción de colaboración con Finsa para os revestimentos. O reitor toma nota e indica que se pode buscar tamén financiación estatal.

Sobre o campus de especialización, o reitor informa de que a Xunta fará unha avaliación, pero non se sabe como vai ser. Confía en conseguir unha ampliación do Campus Crea.

O prof. Xosé Baamonde pregunta se a substitución de leds é para todos os centros, xa que a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación tiña pensado abordar este tema agora. O reitor aconsella aos centros esperar ata o 2020.

O Prof. Xosé Baamonde pregunta tamén sobre o tema da subvención da Xunta para os centros que imparten o 80% dos contidos en galego, caso do Grao en Comunicación Audiovisual. O reitor responde que se reclamará a subvención na próxima reunión e aproveita para agradecer a iniciativa do Decanato da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

A Prof. Eva Lantarón pregunta sobre a Humanización do Campus e, no caso da Facultade de Fisioterapia, solicita que se teña en conta a posible ampliación do edificio, que está paralizada. Lembra que esta situación segue pendente de solución e solicita que se retome cando se fagan as obras de humanización do Campus. A este respecto, o reitor indica que non tiña coñecemento da situación e pide que se lle fagan chegar as necesidades e propón facer unha reunión no centro para abordar o tema.

A Prof. Eva Lantarón indica que están a ter moitas solicitudes de alumnos para duplicados de títulos, porque se dan en galego e para algúns graduados é necesario traducilo ao castelán. O reitor comenta que se poden impartir os certificados nos dous idiomas.

A Prof. Eva Lantarón aproveita para queixarse da baixa calidade do catálogo básico de material de oficina de DISMAC e solicita que se faga algo ao respecto.

O Prof. Vicente Romo comenta que o problema co sistema de fotocopiado no campus pode ser unha oportunidade para acabar co papel.

O Prof. Vicente Romo solicita que se agradeza á Escola de Marín a súa disposición para facilitar o uso das súas instalacións por parte da Facultade de Educación e do Deporte.

O Prof. Vicente Romo comenta que colocar placas fotovoltaicas no tellado da facultade sería moi positivo e permitiría climatizar a facultade sen pegada de carbono; solicita tamén que se coloquen dous puntos para coches eléctricos.

Sobre o sistema de firma dixital e de actas, o Prof. Vicente Romo quere felicitar ás persoas que deseñaron o sistema.

O Prof. Vicente Romo destaca os datos de produción científica da súa facultade e nese dato apoia a petición de construír un ximnasio na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

O Prof. X. M Buxán convida aos membros da reunión a visitar a Facultade de Belas Artes, que está en moi malas condicións físicas e dubida que estea en condicións de albergar o novo grao. O reitor asume o compromiso de realizar melloras neste centro, pero mentres non se

conte cun novo edificio no Campus hai que reinventar os espazos existentes ata o de agora. O prof. Buxán insiste en plantexar as súas dúbidas para albergar o novo grao.

O Prof. X. M. Buxán indica que Alterarte e a Sala X funcionan moi ben, pero afirma que se está a producir un deterioro e retroceso nas actividades que se planificaban anteriormente, por exemplo, co tema de publicacións e exposicións. O vicerreitor Jorge Soto coincide en que se pode mellorar a programación e incrementalala. O Prof. Buxán indica que para eso é preciso que o coordinador da Sala perciba unha dotación económica polo seu traballo. O vicerreitor Soto indica que se poden facer propostas para facer unha programación máis aberta á cidadanía, buscar máis coordinación, ofrecer estes espazos a outras institucións – casoda Deputación- para ter máis visibilidade e lembra que todos os proxectos da Sala X se financian dende a vicerreitoría do campus de Pontevedra.

O vicerreitor Jorge. Soto aborda o problema que tivo o Campus durante o verán coa auga potable e indica que se está a traballar para buscar solucións, canalizando a auga durante as obras de humanización do campus.

Lucrecia López indica que na Facultade de Belas Artes se están a facer cambios na luminaria e pensa que se se fai unha inversión xeral para o campus, hai que estudar antes a situación real de cada centro, xa que é posible que algún deles xa teña abordado este tema. O reitor propón facer unha reunión para realizar este estudio.

O Prof. Marcos Dopico indica que é preciso presionar para conseguir os terreos de Tafisa, xa que este tema leva 14 anos sen concretarse. Pregunta se existe un plan económico para implantar o novo grao e que se aprobou aproveitando os espazos libres que deixan as titulacións de Belas Artes. O reitor confía en conseguir presuposto para a nova titulación, pero lembra que hai laboratorios que servirán para ambos títulos, pero a medida que xurdan novas necesidades, buscaranse novas solucións. O reitor agradece o esforzo do Decanato de Belas Artes.

### **3.- Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra.**

O vicerreitor agradece a colaboración de todos os asistentes e dá a benvida a Xosé Manuel Buxán como decano de Belas Artes.

Informa de que se está a elaborar o informe do campus de especialización e recoñece que é difícil darlle contidos a un campus tan creativo.

Informa sobre o pantalán, que estará aberto para todos os membros da comunidade universitaria.

Informa sobre o convenio marco de colaboración coa CT Deportiva pola piscina e lembra que hai que continuar a darlle valor aos servizos de fisioterapia, saúde e o pavillón universitario, todos eles á disposición da comunidade universitaria.

A continuación fai un resumo das actividades realizadas no marco do Campus CREA e Green Campus:

Durante os meses do primeiro cuadrimestre do curso 2018-19 realizáronse diversos cursos, denominados Obradoiros de outono-inverno:

- "Campo de Fab Lab non expandido. Plan-Build" (8-16 de novembro de 2018)
- "Curso de iniciación á robótica educativa" (8-16 de novembro de 2018)
- "A Gamification como ferramenta de innovación e motivación na aula" (22-30 de

novembro de 2018)

- "O viñado: ciencia, cultura e territorio" (15-22 de novembro de 2018)
- "Obradoiro práctico de cociña saudable para cerebros ocupados" (8-23 de novembro de 2018)

- Tamén se desenvolveu o "Ciclo de Conferencias Campus CREA 2018".

coa participación das seguintes ponencias:

- "Copérnico. Incendios Forestais. Importancia ou non da difusión da información técnica ás redes sociais" de D. Celso Coco Megía (Academia Copernicus). (23 de novembro de 2018).
- "Os fungos nos ecosistemas forestais" do doutor Martín Souto (Universidade de Santiago de Compostela). (20 de novembro de 2018).
- "Investigación en Fisioterapia: Acreditación" do doutor José Ríos Díaz (Universidade Antonio de Nebrija). (23 de novembro de 2018).
- "Conceptos xerais da dopaxe" de D. Jesús Garrido (Axencia Española para a Protección da Saúde no Deporte). (22 de novembro de 2018).

- En decembro de 2018 tivo lugar as "I Xornadas de Investigación Campus CREA", unha iniciativa na que participaron preto dunha vintena de mozos e mozas investigadores do campus de Pontevedra. Nesta actividade, cada persoa investigadora presentou o seu traballo de investigación en formato póster seguindo o procedemento habitual en Congresos Nacionais e Internacionais (obxectivos: primeiro contacto dos investigadores coa presentación do seu traballo; coñecer as liñas de investigación do campus de Pontevedra e favorecer colaboracións interdisciplinares).

- En novembro convocouse a "Primeira edición de dous Premios de Investigación e Transferencia do" Campus CREA "da Universidade de Vigo", na que se premiaron os 5 grupos de investigación máis produtivos do Campus de Pontevedra nas 5 áreas do mesmo.

- A finais de 2018, a Aula de Novas Tecnoloxías estaba dotada de 2 impresoras 3D, que desde entón funcionan de forma continuada como Fablab; Desde entón desenvolvéronse nesta aula varios cursos de impresión 3D.

- Ao longo do curso 2018-19 mantívose un importante apoio institucional ao programa de doutoramento "Creatividade e Innovación Social e Sostible", tanto no mantemento da súa páxina web como na contratación de docentes doutras universidades que impartiron conferencias e cursos no programa.

- En relación co proxecto Erasmus + LAPASSION, consolidouse o compromiso dos participantes da UVigo no desenvolvemento do proxecto, participando nos diferentes actos que se realizaron: dous profesores que participaron no evento de xuño de 2018 (Santiago de Chile); o coordinador do proxecto na UVigo participou no acto de setembro 2018 (Tampere, Finlandia) e outros tres profesores participaron nos actos de maio de 2019 (Montevideo, Uberada e Sao Luis). O 8 de xaneiro de 2019 foron seleccionados os estudantes que participarían nos proxectos a desenvolver durante 10 semanas en Uruguai e Brasil.

- A mediados de abril de 2019 rematou o prazo para a entrega do Primeiro Informe Intermedio á Comisión Europea: o 21 de maio de 2019 chegou a avaliación por parte da Comisión, coa cualificación de "Good", é dicir, cunha valoración moi favorable. Nesta avaliación indícanse algunhas fortalezas e debilidades no

desenvolvemento do proxecto, e na parte que corresponde á UVigo (Plan de Calidade Global do proxecto) os comentarios son moi positivos, indicando un bo desenvolvemento do traballo.

- Do 8 ao 12 de abril de 2019 celebrouse a Semana da Creatividade e a Innovación, con numerosas actividades, que se detallan a continuación:

Dous cursos: Oratoria emocional e Cociña saudable e tradicional. Aprendizaxe de técnicas de cociña saudable e boas prácticas na cociña.

Conferencias:

Dr. D. Gualberto Buena, Univ. de Granada: "O peso dos proxectos de investigación na carreira académica".

D<sup>a</sup> Ángeles López Lozano, Univ. De Vigo. "La protección y explotación de los resultados de I+D en la Uvigo

Dr. Francisco Javier Barón López. "Meta-análisis".

Actividades de transferencia e I+D+i:

Mesa Redonda: INNOVACIÓN! Catro experiencias de desenvolvemento empresarial na nosa contorna. Relatores: Roberto Rodríguez Cabeceira, socio fundador e CEO de Xeométrica; Alberto Garnil Rodríguez, Socio fundador e CEO de Iconweb; Tomás Casquero Cimadevila, CEO de Hifas da Terra; Gonzalo Maceira Gala, Socio fundador e Director de Estudio Bonobo.

Sesión de traballo da Comisión Técnica de Dirección do Campus CREA. 10 de abril, na sede da vicerreitoría (Casa das Campás).

Actividades innovación:

-Obradoiro Mural en perspectiva "Artland" (creación dun mural xigante feito con refugallos, e grabación aérea con dron). no vial que hai entre a Facultade de CC. Sociais e da Comunicación e a Escola de Enxeñaría Forestal.

-Obradoiro de Graffiti. Creación dun mural (tablóns de 5m) con graffiti. Aberto a todo o público diante da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación.

-Realidade Virtual mediante gafas HTC Vive: actividades como xogos, pinturas en 3 dimensións, viaxe polo fondo mariño, etc). Facultade de CC. da Educación e do Deporte.

Exposicións e actividades culturais:

Ciclo de cine: Ante o tempo. Proxección da película "Fargo". Exposición de maquetas: Os monstros de Kraken. Elvis! Sala de exposicións na sede da Vicerreitoría (Casa das Campás).

Concurso de fotografía "Eco". Tema: o medio ambiente. Fíxose entrega dos premios o día 21 de maio de 2019.

En febreiro de 2019 resolveuse a contratación dun técnico de I+D+i para o campus de Pontevedra. Desde entón desenvolvéronse varias actividades relacionadas co seu traballo: recompilación de datos e indicadores do campus de Pontevedra necesarios para a avaliación da Acreditación dos campus de Especialización; busca de convocatorias de proxectos (a nivel institucional, o campus CREA solicitou un proxecto á FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE en colaboración co Concello de Marín); estudo dos grupos de investigación do campus de Pontevedra e inicio de reunións.

O 10 de abril de 2019 constituíuse a nova Comisión de Dirección Técnica do CREA S2i, órgano asesor do equipo de goberno de Pontevedra en materias relacionadas co campus CREA. Está integrada por: Jorge Soto, Chema Cancela, Soraya Rodríguez, Begoña Paz, M<sup>a</sup> José Martínez Patiño, Angeles Cancela, Mercedes Soto e José. Carlos Souto.

En relación ao GREEN CAMPUS, ao longo destes meses desenvolvéronse multitude de actividades. En setembro de 2018, todos os centros do campus, así como as asociacións vinculadas ao Green Campus, foron convocadas para propoñer actividades que poderían desenvolverse durante o curso 2018-19. A vindeira semana reunírase a COMISIÓN AMBIENTAL do Green Campus para aprobar o Plan de Acción 2018-19, con máis de 60 actividades propostas no ámbito da educación ambiental. A maioría deles desenvolveuse ao longo dos meses. Non se poden mencionar todas, pero é interesante sinalar algunhas: por exemplo a "Ruta do Arboreto do campus de Pontevedra", unha actividade que xa recibiu a máis de 300 estudantes de Educación Secundaria e Primaria dos centros educativos de Pontevedra e da súa contorna e que está resultando un éxito. Tamén hai que destacar que actividades como a recollida de RAEE's e a compostaxe de residuos orgánicos derivados dos comedores do campus continuaron a realizarse con total normalidade. En decembro de 2018 levouse a cabo unha campaña para recoller e destruír documentos "sensibles", como exames e traballos dos estudantes, que agora poderían ser destruídos. Todos os centros do campus puideron facer uso desta iniciativa. Por último, indicar que rematou a construción do carril bici, que actualmente permite circular en bicicleta por todo o campus.

#### **4.- Rolda de intervencións.**

Non hai